



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE XUÑO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 6 de xuño de 2016

HORA DE COMEZO: 20:39 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 24 E 30 DE MAIO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 24 e 30 de maio de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
J.B.D	Pinténs-O Hío. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

2.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DAS RÚAS GEU E CASTIÑEIRAS DO HÍO

Dase conta de informe da Policía Local de data 06.06.2016, referente a sinalización das rúas Geu e Castiñeiras, que é como segue:

"Nº REX: 1037/16

ASUNTO: SINALIZACIÓN DAS RÚAS GEU E CASTIÑEIRAS NO HÍO

O departamento de sinalización da Policía Local, por medio do presente, informan:

Que se procedeu á sinalización das mencionadas rúas con sinais verticais e horizontais de stop e prohibido estacionar e liñas amarelas a ambos marxes da rúa Castiñeiras.

E unha sinal vertical e horizontal de stop na rúa Geu."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, tomar coñecemento do informe emitido pola Policía Local.

2.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS VARIAS

Dase conta de informe emitido o día 06.06.2016 pola Policía Local, referente a diversas sinalizacións que é como segue:

"A XEFATURA da Policía Local de Cangas por medio do presente informe propón a seguinte sinalización:

1.- RESERVADO TRABALLADORES DA PRAZA DE ABASTOS

Colocación de sinal de circulación ou entrada prohibida e prohibido estacionar agás autorizados con tarxeta, no aparcamento LATERAL acotado de Ojea,



Concello de Cangas

cedido pola empresa Lago Paganini e coa autorización de Costas, para os vehículos de persoas que traballan na praza de abastos e atendendo á relación que remite a asociación ou as solicitudes particulares similares comprobadas por policía.

2.- ZONA PEONIL

Tamén se propón a colocación dos paneis de zona peonil, coa nova lenda acordada conforme á ordenanza aprobada definitivamente no derradeiro pleno municipal e a aprobación da ampliación de zonas peonís en xunta de goberno, incluído O Forte, Fomento e área Costal.

Os novos paneis serán situados en Pablo Iglesias, Praza do Arco, Alvaro Guitián e nos que actualmente están colocados procederase a modificar a lenda con base en novos horarios e autorizados aprobados en Pleno.

Entrarán en vigor desde o día seguinte á publicación da ordenanza no BOP.

Tamén se propón a aprobación de sinalización vertical e horizontal de zonas de aparcamento limitado que quedará do seguinte xeito:

3.- ZONAS ESTACIONAMENTO LIMITADO ZONA AZUL

En toda a explanada de Ojea (coas reservas do mercado do venres) Orillamar-inmediacións da praza de abastos.

ZONAS DE 20 MINUTOS PARA TURISMOS E FURGÓNS

Tramos de 30 a 100 metros nas seguintes rúas, que poden ser ampliadas por orde da Alcaldía ou Xunta Goberno: Avda. de Ourense, Avda. de Marín, Avda. de Vigo, contorno da praza de abastos, aparcamento peirao pasaxeiros (comunicar a Portos Galicia)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local referente a diversas sinalizacións.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 2 DE XUÑO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:



Concello de Cangas

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta



Concello de Cangas

para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.855 LICENZA Nº 23.839.- A J.M.V.P. e A.I.B.G. A Xunta de Goberno Local, acordou outorgar ampliación de licenza para realizar a construción de un muro de contención-cerramento no lugar da Pedreira (referencia catastral 360088A 039010240000JL) de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta C.O.F. visado o 18/05/2016. O presuposto de execución material ascende a doce mil setecentos once euros con sete céntimos (12.711,07 €).

EXPEDIENTE Nº 25.907.- A J.M.M.M.- A Xunta de Goberno Local, acordou outorgar LICENZA a J.M.M.M para construción dun muro de cerramento de parcela e contención de terras en Graña-A Pedreira, 75A-Coiro, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I, de data marzo do 2016. Así mesmo acéptase a cesión voluntaria para ampliación do viero municipal formalizada en acta de comparecencia de data 24 de maio do 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.431.- A N.F.F. e D.P.G.- A Xunta de Goberno Local, acordou outorgar licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda no lugar de Cima de Vila, nº 60-Darbo, segundo o proxecto de execución de reformado do proxecto básico de rehabilitación e ampliación de vivenda elaborado polo arquitecto J.L.D.G, visado o 10 de febreiro de 2016.

Acéptase a cesión gratuíta de terreo para o viero formalizada en de data 17 de febreiro do 2016.



Concello de Cangas

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de cincocentos vinte e catro euros con sete céntimos (524,07 €).

EXPEDIENTE Nº 24.483.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.379.- A A.M.C. J. e M.A.P. P., con enderezo na Diego Xelmírez, nº 7-San Roque-Darbo, modifícase a referida licenza de acordo coa documentación final de obra presentada e visada o día 19 de xuño do 2015.

3.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS

EXPEDIENTE Nº 21.768.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A.F.M.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 27 de maio de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A.M.F., con enderezo en Camiño do Canabal, nº 1A-Rodeira-Cangas, para construción de vivenda, sita en Camiño do Canabal, nº 1A-Rodeira-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal nº 21.073. Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS SOBRE A MESA

EXPEDIENTE Nº 25.432.- A PISCÍCOLA DEL MORRAZO, SA, con enderezo en Nerga s/n-O Hío, para no referido lugar, substituír un depósito por un depósito criogénico, foi deixado sobre a mesa pendente de aportar o certificado do Rexistro de Propiedade indicado na Xunta de Goberno Local do día 25.05.2015.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a



Concello de Cangas

municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.491.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23384.- A M. e J.N.F., outorgase un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.952.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, para en rúa Álvaro Guitián, nº 13-Cangas, executar 18,00 metros de canalización de rede de baixa tensión soterrada, de conformidade co proxecto SGD 248315120028, de data 21 de abril de 2016 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 30 de xuño e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de SEISCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (683,64 €) para



Concello de Cangas

responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.962.- A J.J.O.R., para cambio de tella en vivenda, en estrada Bueu, 14-Vilariño-O Hío-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.885.- A J.C.F., para realización de obras de reparación de cuberta en vivenda sita en Piñeiro, n° 12-Darbo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.922.- A J.M.R.B., para realización de obras de cambio de tella en vivenda sita no lugar de A Pedreira, n° 52-Gondarán-Coiro.

EXPEDIENTE 25.924.- A J.F.F., para realizar a reconstrución dun muro no lugar da Rosada, n° 28 B-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.887.- A M.C.P.B., para realización de limpeza e impermeabilización de canaletas e 2 fachadas dun edificio de vivendas no lugar de rúa Noria, n° 15-Coiro-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE 25.961.- A I.N.M., para realizar obras de consolidación de cuberta e pintado de fachada de vivenda existente no lugar da Avda. José Novas, nº 43-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25944.- A D.B.F., para demolición de caseta en Vilanova, nº 15-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.888.- A F.R.G., para realizar obras de cerramento no lugar de Boticaria, nº 7-Coiro.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1922/16.- A B.P.C., para cambio de titularidade de xeladería en rúa Castelao, nº 3-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1957/16.- A A.R.G. para cambio de titularidade de bar no lugar de Praza do Arco, nº 7-Cangas.

FACENDA

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dase conta de resolución da Alcaldía do 27.05.2016, referente a dilixencia de ordenación, recaída no procedemento EJD 13/2015-CC, promovida por "PROMALAR, SL", que é como segue:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o contido da dilixencia de ordenación de data 10/05/2016 recaída no procedemento EJD 13/2015-CC (PO 475/2012) promovido por PROMALAR SL, que foi notificada o 13/05/2016, pola que se require deste Concello: '...que no prazo de dez días pague a suma restante, isto é dez mil oitocentos cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (10.859,87 €) de xuros legais pendentes'.

Visto que tales xuros traen causa da devolución de ingresos á que foi condenado o Concello no fallo da Sentenza nº 846/2014 de 30/10/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto que ao día da data está pendente a tramitación do pago da cantidade fixada no citado requirimento e o prazo para facer efectivo o ingreso remata o vindeiro luns 30/05/2015, non habendo tempo para que a Xunta de Goberno Local adopte os acordos precisos para o seu cumprimento en exercicio da



Concello de Cangas

competencia que lle corresponde con base na delegación desta Alcaldía de data 02/07/2015, cómpre avogar a citada delegación e adoptar as disposicións precisas por medio da presente resolución.

Por todo o exposto RESOLVO:

Primeiro.- Avogando a competencia delegada a Xunta de Goberno Local por resolución de Alcaldía de data 02/07/2015, recoñecer a obriga e ordear o pago por importe de dez mil oitocentos cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (10.859,87 €), a favor de PROMALAR SL, con cargo ao vixente orzamento municipal en concepto de xuros legais pendentes derivados da devolución de ingresos á que foi condenado o Concello de Cangas por Sentenza nº 846/2014 de 30/10/2014.

Segundo.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico xunto cos recursos procedentes".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita, referente a dilixencia de ordenación, recaída no procedemento EJD 13/2015-CC, promovida por "PROMALAR, SL".

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2016

Dase conta de proposta do día 31.05.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2016

ANTECEDENTES

Os seguintes interesados/interesadas, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan a autorización para a colocación dun posto de venda ambulante no mercado de Cangas:



Concello de Cangas

INTERESADO/INTERESADA	DATA SOLICITUDE	Nº ENTRADA	Nº EXPEDIENTE
M.G.P.	05/04/2016	4.047	ME 16/020
M.M.Q.	15/04/2016	4.561	ME 16/021
M.P.C.Q.	22/04/2016	4.914	ME/16/022
M.D.M.I.M.	26/04/2016	5.031	ME 16/023
Y.G.S.	29/04/2016	5.231	ME 16/024
T.V.L.P.	05/05/2016	5.464	ME 16/025
E.M.A.	20/05/2016	6.181	ME 16/026

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando a ordenanza e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo ós/ás interesados/interesadas con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local”.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2016.

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE TRASLADO DE POSTOS DE VENDA DE PEIXE NO MERCADO DE ABASTOS MUNICIPAL

Dase conta de proposta do día 31.05.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de traslado de postos de venda de venda de peixe, que di o seguinte:

"Ref.: Pz 16/002 (ADL)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE TRASLADO DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 45 AO POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

1º.- Por escrito de rexistro de entrada nº 5703 de 10/05/2016 J.G.R, e R.M.G., con enderezo a efectos de notificación en rúa Eduardo Pondal, nº 5, manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe do que a primeira é titular actualmente na praza de abastos por concorrer a circunstancia prevista no artigo 3 1.3 do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

2º.- Aos escritos anteriores achegan a documentación xustificativa do parentesco, copia dos DNI de transmitente a adquirente, xustificante da alta da adquirente na Seguridade Social e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión'. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión



Concello de Cangas

establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión Inter Vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión Inter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ao concello onde o transmitinte e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a tódos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirilo posto no suposto terceiro de transmisión inter vivos.'

Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización'.

*SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega, resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na Praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión **inter vivos** por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita coa solicitude de autorización.*

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 de regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e as obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte
proposta de ACORDO:*



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto nº 4 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que é titular J.G.R., a favor de R.M.G. debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de traslado de postos de venda de venda de peixe.

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 10 TRABALLADORES/TRABALLADORAS DO SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2016, SEGUNDO A RESOLUCIÓN DO DÍA 12.05.2016 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Dase conta de proposta do día 02.06.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a aprobación das bases para a selección de dez traballadores/traballadoras do "SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016", que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZ TRABALLADORES/TRABALLADORAS DO "SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS A NO 2016" SEGUNDO A RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE DATA 12/05/2016

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, en resolución de data 12 de maio de 2016, aprobou subvención ao Concello de Cangas para a contratación de 10 traballadores/traballadoras en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, para a realización do 'Servizo de Integración Concello de Cangas 2016', segundo o establecido na Orde do 29 de decembro de 2015 (DOG 30.12.2015).

Este servizo ten que iniciarse no prazo máximo de un mes desde a data de notificación da resolución pola que se conceda a subvención, polo que propoño á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de 10 traballadores/traballadoras en situación ou risco de exclusión social perceptores de Risga, para a realización do 'Servizo de Integración Concello de Cangas 2016', bases que como anexo se achegan xunto coa presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas".

A N E X O

BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZ PERSOAS TRABALLADORAS DO 'SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016' SEGUNDO A RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE DATA 12.05.2016 AO ABEIRO DA ORDE DE 29 DE DECEMBRO DE 2015, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2016

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 10 persoas traballadoras, para o "Servizo de Integración do Concello de Cangas 2016" distribuídos do xeito que a continuación se pormenorizan:

- 6 peóns de limpeza viaria
- 2 peóns limpadores de edificios públicos
- 2 peóns forestais

Respecto das retribucións, a cuantía do salario bruto mensual, incluída a prorrata de pagas extra, que percibirían os traballadores/as contratados/as, por un periodo de 7 meses, a tempo parcial do 75% da xornada (28 horas semanais e sete minutos), ascendería as seguintes cantidades:



Concello de Cangas

POSTO DE TRABAJO	SALARIO BRUTO MENSUAL (INCLUIDA P.P.E)
peóns de limpeza viaria	1.073,76€
peóns limpadores de edificios públicos	1.073,76€
peóns forestáis	1.073,76€

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de traballo temporal, de interese social, a tempo parcial.

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Non se require titulación académica específica.
- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.
- Ser perceptor da Risga e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. (Artigo 10 punto d, da Orde 29/12/2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.



Concello de Cangas

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordos ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no artigo 10 da Orde 29/12/2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer esta.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para a entrega das presentes bases de cara ao inicio do proceso selectivo ,o vindeiro xoves 9 de xuño de 2016 ás 10 horas da mañán no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos no prexulga que se lie recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior á realización do proceso de selección poderá exuírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria.

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes, na reunión na que se lle faga entrega das bases de acordo co establecido na base anterior, serán convocados para a realización das diferentes probas en función dos postos para os que foron preseleccionados con indicación do día, hora e lugar na que deberán estar presentarse para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría, de acordo cos criterios de distribución que estableza o Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto



Concello de Cangas

por cinco membros. Non poderá constituirse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán Igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concurra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez
SECRETARIA: Carmen Fandiño Docío
Vocal 1º: Carmen Gamarra Gamarra
Vocal 2º Rosana Cordeiro Antepazo
Vocal 3º: Antonio Fernández Paredes
Suplente indistinta: María de los Ángeles Fernández López.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la *súa* colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

SIXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

PROBA DE OPOSICIÓN

PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/a do proceso de selección.



Concello de Cangas

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatória que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no artigo 10 das bases reguladoras antes citadas que establece que *"Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares"*, seguindo o seguinte orde: en primeiro lugar as persoas con cargas familiares, en segundo lugar os maiores de 45 anos, e en terceiro lugar as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, priorizando a maior antigüidade no proxecto de inserción. Para aplicar os citados criterios teranse en conta os datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, aqueles cos que conta o Concello e, de ser preciso, os membros do tribunal poderán requirir



Concello de Cangas

documentación para acreditar os criterios de preferencia antes descritos. De persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios, útiles ou incidencias de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

A continuación o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cubertas por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior a 49 puntos, que serían chamados por orde de puntuación.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web dende a data da súa aprobación, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de *anuncios* da casa do concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e *os* aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.- NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán seren impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola



Concello de Cangas

Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a aprobación das bases para a selección de dez traballadores/traballadoras do “SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2016”.

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A ASOCIACIÓN DE RESTAURADORES DE CANGAS (ARECA) S/DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA FEIRA DA TAPA-2016

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E ARECA (ASOCIACIÓN DE RESTAURADORES DE CANGAS) PARA O DESENVOLVENTO E PROMOCIÓN DA FEIRA DA TAPA 2016

Cangas, 7 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, don Xosé Manuel Pazos Varela, como Alcalde do Concello de Cangas, en exercicio das competencias atribuídas polos artigos 21.1-b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1-a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia,

Doutra parte, don G.S.A. como Presidente da Asociación de Restauradores de Cangas (en adiante ARECA) con CIF: G-94139789, con domicilio social no Lugar Cruceiro nº 5 (CP.: 36947) de Cangas.

INTERVEÑEN

Ámbalas dúas partes, no exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas, recoñecéndose reciprocamente a capacidade e competencia necesarias para a formalización deste documento, e na súa virtude,



Concello de Cangas

MANIFESTAN

Que o Concello de Cangas ten entre as súas competencias, a de favorecer as actividades de promoción turística e de desenvolvemento local que repercutan positivamente na economía deste Concello.

Así mesmo, a asociación ARECA contempla entre os seus fins, promover o desenvolvemento económico e social do sector da restauración e da hostalería en beneficio dos intereses xerais do sector; e potenciar todas as actuacións que teñan como finalidade a promoción turística do municipio. (Artigo 5º dos estatutos da entidade).

En base ao exposto, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente *CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE TEN POR OBXECTO A CELEBRACIÓN DA FEIRA DA TAPA 2016*, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Organización

ARECA asumirá a organización da FEIRA DA TAPA 2016, comprometéndose a cumprir con todas as obrigas descritas neste convenio, a fin de que tanto a celebración do evento como a colaboración do Concello de Cangas co mesmo, consoliden a celebración deste acto de promoción turística e de desenvolvemento local.

SEGUNDA.- Obrigas de ARECA

Coa sinatura deste convenio a entidade ARECA comprométese a:

1. Organización integral da FEIRA DA TAPA 2016 asumindo a xestión administrativa, comercial, publicitaria, etc, incluíndo a contratación de cantos provedores sexan necesarios para o desenvolvemento do evento, a entrega da información publicitaria oportuna, e cumprindo e facendo cumprir a todos os establecementos participantes as bases de participación acordadas previamente co Concello de Cangas, e que se anexan ao presente convenio.

2. Levar coa dilixencia debida a conta de ingresos e gastos que impliquen a organización deste evento, debendo render contas con total transparencia tanto aos establecementos participantes coma ao Concello de Cangas na conta xustificativa que deberán presentar.

3.- Designación dos membros que conformarán o xurado, que deberá estar formado por persoas do ámbito da hostalería, o turismo, xornalismo gastronómico, bloggers ou entidades relacionadas coa promoción gastronómica,



Concello de Cangas

de tal xeito que se garanta un veredicto que redunde na excelencia do evento. O xurado valorará as tapas o día da presentación fotográfica, que realizárase no 1o andar da Praza de Abastos.

4.- Determinar a dotación dos premios para cada categoría: premio para os establecementos, ás tres tapas máis votadas polos clientes; premio para os establecementos, ás tres mellores tapas elixidas polo xurado; cinco premios para o público, escollidos ao azar entre as papeletas presentadas. Os premios terán que estar definidos o día da Presentación Oficial da Feira da Tapa 2016.

5.- Organizar e convocar a tódalas partes que participarán na presentación do evento (hostaleiros, xurado, fotógrafos, etc) e que se celebrará no 1o andar da Praza de Abastos municipal.

6.- Poner a disposición do Concello de Cangas a reportaxe gráfica da presentación e demais información para que o ente local poida cumprir coa súa obriga de publicitar o evento, tanto a nivel de publicidade on-line como impresa. A reportaxe gráfica e os textos sobre cada establecemento (datos do local e descrición da tapa coa que se presenta) será cedida ao Concello de Cangas, para dar contido á páxina web específica do evento.

7.- Contratar a publicidade do evento a través de medios impresos (flyers, cartelería, dípticos, papeletas de participación, e demais material de imprenta), así como a coordinación do reparto deste material nos establecementos participantes, entidades colaboradoras e dependencias municipais, para a mellor difusión do evento.

8. Na cartelería realizada para o acto deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Cangas, para o cal este facilitará á organización o logo oficial do Concello de Cangas.

9. As actividades levadas a cabo para o desenvolvemento do evento, realizaranse con estrito cumprimento das esixencias administrativas correspondentes en canto a autorizacións, licenzas ou permisos, condicións de seguridade, sanidade, etc.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Cangas

O Concello de Cangas participará na celebración do referido evento como colaborador, asumindo neste acto os seguintes compromisos:

1.- Colaboración económica por importe de 1.150 € con cargo á aplicación 432.48 do vixente orzamento municipal. Esta cantidade económica deberá ser xustificada pola entidade ARECA de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.



Concello de Cangas

2.- Contratar a unha empresa especializada para o deseño do logo ou marca comercial que identifique o evento FEIRA DA TAPA 2016 así como unha páxina web específica para o mesmo.

O Concello asumirá os custes de tales servizos, polo que tanto o logo, marca comercial e dominio web serán propiedade do Concello de Cangas.

3.- O Concello de Cangas participará na elaboración e redacción das Bases de Participación da Feira da Tapa 2016, aportando cantas suxestións considere oportunas.

4. Difusión da Feira da Tapa 2016 a través da web municipal www.cangas.gal que enlazará coa web específica que se creará para o evento. Así mesmo, publicitará o evento ñas redes sociais oficiais do Concello, na prensa, e nos demais medios de comunicación que considere precisos.

5.- Pór a disposición dos organizadores, o local e persoal técnico da Oficina de Turismo sita na Avda. Eugenio Sequeiros, 9 para a xestión das inscricións dos establecementos participantes de acordo co establecido nas Bases de Participación.

6.- Pór a disposición dos organizadores o 1o andar da Praza de Abastos para:

Sesión fotográfica das tapas que se presentan, así como a degustación e valoración destas por parte do xurado.

Presentación da FESTA DA TAPA 2016, cuxa data e hora deberá ser previamente consensuada entre o Concello e ARECA.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables serán os efectivamente realizados entre o 1 de xaneiro e o fin do prazo de xustificación, sempre que estean directamente relacionados coa actividade obxecto deste convenio, tales como gastos de imprenta, publicidade, premios, etc,

Aos efectos do previsto no artigo 31,2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será precisa a acreditación do pagamento efectivo do gasto (agás no caso de premios que estean establecidos en metálico), considerándose como data de realización do gasto, salvo proba en contrario, a da emisión da documentación xustificativa.



Concello de Cangas

Esta axuda económica será compatible con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas percibidas pola entidade beneficiaría, sempre que o seu importe total do conxunto non supere os gastos totais da actividade.

QUINTA.- Xustificación e pagamento

As obrigas económicas contempladas neste convenio, serán pagadas polo Concello de Cangas a ARECA unha vez que sexa aprobada a conta xustificativa que a entidade beneficiaría deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 2 meses contados dende o remate da Feira, e que obrigatoriamente deberá incluír a seguinte documentación:

- Memoria económico xustificativa de ingresos e gastos.
- Memoria xustificativa da actividade realizada asinada polo/a representante legal da entidade, debendo incluír descrición das actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos.
- Facturas (orixinais ou copias compulsadas) ou documentos análogos que teñan validez no tráfico xurídico mercantil.
- No caso de premios establecidos en metálico, deberase achegar a acta do xurado onde se relacionen os premiados e os "RECIBÍS" asinados polos premiados con indicación dos seus DNI
- Declaración sobre o total de axudas recibidas para a actividade FEIRA DA TAPA 2016, incluíndo as concedidas e pendentes de pago ou solicitadas e pendentes de concesión, que financien a actividade obxecto deste convenio, indicando a entidade concedente, contía e destino ou finalidade para a que foi concedida.
- Certificado de estar ao corrente ñas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria estatal, Facenda autonómica e co Concello de Cangas) e coa Seguridade Social.
- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de prohibición para recibir axudas públicas.
- Certificación da titularidade da conta bancaria de ARECA.

A entidade ARECA someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que, de acordo co previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realice a Intervención do Concello. A estes efectos, deberá dispoñer de libros e demais documentos contables que sexan esixidos na súa normativa específica,



Concello de Cangas

así como os documentos xustificativos da totalidade dos gastos declarados na xustificación da subvención concedida e da aplicación dos fondos recibidos, que acrediten a realidade e regularidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada e todos aqueles que sexan necesarios para a realización das actuacións de comprobación e control que no seu caso acorde o Concello de Cangas.

SEXTA.- Emenda de defectos ou erros na justificación

En caso de que a xustificación presentada non se axuste ao disposto neste convenio, o Concello de Cangas requirirá á entidade beneficiaría para que nun prazo de dez días hábiles proceda á emendar as deficiencias. De non cumprir co requirido no prazo establecido entenderase que ARECA desiste ou renuncia á axuda económica contemplada neste convenio.

SÉTIMA.- Causas de resolución do convenio

Serán causas de resolución do presente convenio, que darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- a) O incumprimento das cláusulas do convenio.
- b) A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión
- c) A xustificación con gastos de actividades distintas ás sinaladas por este convenio.
- d) A falta de xustificación nos termos indicados na cláusula QUINTA
- e) O incumprimento das obrigas administrativas que resulten esixibles pola natureza da/s actividade/s subvencionadas.
- f) Os restantes supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA.- Aplicación e interpretación do convenio

A Alcaldía do Concello será o órgano competente para a resolución das dúbidas respecto á interpretación do presente convenio.

En todo o non expresamente previsto nel estarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais lexislación específica aplicable á materia.



Concello de Cangas

NOVENA.-Vixencia

A duración do presente convenio de colaboración abranguerá todo o ano 2016 sen posibilidade de ser prorrogado.

E en proba de conformidade, asíñase o presente convenio de colaboración por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado.

Polo Concello de Cangas	Pola Asociación de Restauradores de Cangas (ARECA)	A secretaria xeral
Xosé Manuel Pazos Varrela Alcalde - Presidente	G. S. A. Presidente de ARECA	Berta Alonso Soto

PERSOAL

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/TÉCNICA DE TURISMO

PROPOSTA DA ALCALDÍA, S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 7/12/2015 (DOG nº 17 de 27/01/2016)

Visto o contido da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 7/12/2015 (DOG nº 17 de 27/01/2016) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos. Visto que o Concello de Cangas solicitou e foille concedida unha subvención para a contratación nos termos da convocatoria citada de dous traballadores por 3,5 meses.

En consideración ao anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases de selección para a contratación de 2 técnicos/as de turismo para as oficinas de turismo do Concello de Cangas ao abeiro da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 7/12/2015 (DOG nº 17 de 27/01/2016) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos. Bases que acompañan como anexo á presente proposta.

SEGUNDO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas.

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.



Concello de Cangas

Cangas, 2 de xuño de 2016

O ALCALDE

Asdo. Xosé Manuel Pazos Varela

ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 7/12/2015 (DOG Nº 17 DE 27/01/2016)

PRIMEIRA- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMADE SELECCIÓN
O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 2 técnicos/as para as oficinas de Turismo do Concello de Cangas polo sistema de oposición libre en base á concesión ao Concello de Cangas da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 7/12/2015 (DOG nº 17 de 27/01/2016) para a contratación de persoal nas oficinas de turismo en concellos declarados municipios turísticos.

A contratación será de carácter laboral temporal a tempo parcial (75 % da xornada) por un período de dous meses a contar dende a data de sinatura do contrato, prevista inicialmente para o 1 de xullo, na modalidade de acumulación de tarefas ligada ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada.

As persoas seleccionadas seralles da aplicación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse comprendido no eido subxectivo referido no art. 57 do RDLvo. 5/2015.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido nas bases para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de



Concello de Cangas

instancias. Técnico superior en Información e Comercialización Turística ou técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística; técnico en Empresas e Actividades Turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.

e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.

g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (12,78 euros). (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello).

h) Estar desempregado/a.

TERCEIRA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que acompaña ás presentes bases dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación das bases no Taboleiro de Anuncios, en horario de atención ao público.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/ as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que acompaña ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.



Concello de Cangas

- Fotocopia cotexada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- Resgado acreditativo de ter satisfeito as taxas.

Toda a documentación non orixinal aportada deberá presentarse debidamente cotexada.

CUARTA.- Admisión dos/as aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Os aspirantes excluídos disporán de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que se fará publico, igualmente, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

QUINTA.- Tribunal cualificador

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto. Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- Sistema de selección



Concello de Cangas

O sistema selectivo é a oposición libre e consistirá na realización das dúas probas seguintes:

1.- PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO.

De carácter non eliminatorio. O Tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Este exercicio valorárase cun **máximo de 10 puntos**.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal antes da realización da proba a posesión do Certificado en Lingua Galega - Nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento, ou a súa validación para o acceso ás probas recibindo neste caso 10 puntos.

2.- PROBA DE COÑECEMENTOS PRÁCTICOS

Consistirá nun exame tipo test de 45 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación **máxima 90 puntos** e sendo necesaria unha puntuación mínima de 45 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá catro preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates, en primeiro lugar no seu conxunto e despois, de persistir o empate, tomando en consideración cada pregunta reserva illadamente e na orde pola que foran formuladas de tal xeito que quedará supeditado/a aquel aspirante empatado que por esa orde cometese o primeiro falle antes, finalmente de persistir o empate o Tribunal realizará unha serie de preguntas adicionais aos aspirantes nesta situación sobre o contido do temario ata desfacer este.

TEMARIO

1. A Administración Local. O Municipio, Concepto, elementos e organización.
2. Normativa Xeral e Autonómica en materia turística.
3. A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOP 25/08/2009).
4. As Instalacións e dependencias do Concello de Cangas.
5. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.
6. Principais festas e eventos do municipio.
7. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais
8. As praias de Cangas.



Concello de Cangas

9. Os aloxamentos turísticos do municipio.

10. Plans de calidade turística no Concello de Cangas

Tódolos candidatos que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- Cualificación final

A cualificación final virá determinada pola puntuación obtida na proba selectiva. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na contestación ás preguntas reserva da proba de coñecementos; de persistir o empate, cunha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre os/as aspirantes empatados.

O Tribunal Seleccionador, fará pública, no Taboleiro de Anuncios do Concello a puntuación obtida polos/as aspirantes. O Tribunal Cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o Tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución para a contratación do/a candidato/a que acadase a maior puntuación. O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes con dereito á contratación.

OITAVA.– Publicidade das bases e da convocatoria destas

As presentes bases estarán expostas ao público no Taboleiro de Anuncios do Concello e na paxina web do Concello (www.cangas.gal) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias. O Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

NOVENA.- Carácter das bases e incidencias

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O Tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a



Concello de Cangas

súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMA.- Disposición final

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 TÉCNICOS/AS DE TURISMO PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 07/12/2015 (DOG Nº 12 DE 27/01/2016)

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira.

Por medio do presente declara que se atopa en situación de desemprego, non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre tódolos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2016

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.



Concello de Cangas

- Fotocopia cotexada do D.N.I.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- Tarxeta de demandante de emprego en vigor.

ALCALDÍA DO ILMO CONCELLO DE CANGAS"

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS-2016, AO ABEIRO DA ORDE DO 29.12.2015 DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

PROPOSTA DA ALCALDÍA

A concelleira de Medio Ambiente e Turismo por mor do comezo da tempada de verán de 2016 solicitou da Concellería de Persoal que se tramitase o expediente para a contratación de 3 patróns e 25 socorristas que prestarán os servizos de salvamento nas praias de Cangas por un período de tres meses, por parte desta concellería se procede a dar inicio á tramitación do expediente administrativo a tal efecto para que unha vez concluída se adopte o acordo polo que se aproben as bases de selección, se convoquen as prazas e se proceda a provisión das referidas prazas.

A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local. Seguridade que se vería comprometida nas praias deste Concello pola importante afluencia de bañistas que reciben durante a tempada estival o que obriga a que cando menos as praias que reciben máis usuarios estean dotadas de servizos como o de socorristas que poidan dar resposta as necesidades en materia de salvamento derivadas desa importante afluencia. Trátase dun suposto de contratación excepcional pois Cangas non conta con medios destinados con carácter xeral á cobertura deste servizo dun xeito permanente e a contratación que se pretende só cubriría o servizo durante a tempada de verán coincidindo coa tempada de baño.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aproba-las bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 02.07.2015, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de 3 patróns e 25 socorristas que estarán destinados ao servizo de salvamento das praias durante a tempada de verán do ano 2016.

Bases que acompañan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento nas praias de tempada de verán 2016.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

Cangas, 27 de maio de 2016

O ALCALDE

Asdo. XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA

A N E X O

BASES PARA A SELECCIÓN DE 25 SOCORRISTAS E 3 PATRÓNS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO NAS PRAIAS DE 2016 AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR QUE SE REGULA NA ORDE DO 29/12/2015, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE A SÚA COBERTURA PARA O EXERCICIO DO ANO 2016

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 25 socorristas e 3 patróns precisos para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas na temporada de 2016. Tendo en conta a subvención da Consellería de Traballo e Benestar que se regula na Orde do 29/12/2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, vista a autorización para a contratación anticipada de data 03/05/2016 emitida en base a solicitude formulada polo Concello de Cangas de outorgamento de tal subvención, 20 socorristas e 3 patróns serán



Concello de Cangas

seleccionados en base a esta e os 5 socorristas restantes ata cubrir as necesidades do servizo en base a fondos propios do Concello .

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade de contrato de duración determinada de interese social para os aspirantes seleccionados ao abeiro da subvención e na modalidade de obra ou servizo para o servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas 2016 para as cinco prazas restantes, cunha duración prevista inicialmente de 3 meses, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, parte proporcional das pagas extras incluída, de 1207,75 euros para os patróns e de 1126,23 euros para os socorristas.

Os/as patróns/as e socorristas estarán destinados ao servizo de salvamento en praias do Concello de Cangas tendo en conta que entre as súas funcións o persoal seleccionado asume a obriga de efectuar as tarefas de coordinación, enlace e fornecemento de material do servizo de salvamento de praias que lle sexan encomendadas por parte da Concellería responsable da área de Turismo.

A contratación do persoal seleccionado en base á a autorización de contratación anticipada de data 03/05/2016 emitida pola Consellería de traballo e benestar na tramitación da concesión da subvención mencionada está ligada ao outorgamento efectivo da mesma. Por este motivo os tres meses indicados anteriormente poderán ser reducidos en función do tempo establecido na resolución definitiva pola que se outorgue a subvención tendo en conta que as retribucións poderán axustarse tamén ao estipulado nesta. Os tres meses de contrato estenderanse inicialmente entre o 25 de xuño e o 24 de setembro de 2016, podendo reducirse proporcionalmente os tres meses inicialmente previstos cando a data de inicio do servizo vaia máis alá do 25 de xuño.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello ata o día da realización do exercicio co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases, así como na páxina web do Concello de Cangas (www.cangas.gal).

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.



Concello de Cangas

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar ou equivalente.
- e) Estar en posesión do título de **patrón de navegación básica PNB ou superior**, (para as prazas de patrón) cumprir co disposto no **Decreto 104/2012, do 16 de marzo**, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia estando en posesión do carné de socorrista en espazos acuáticos naturais emitido de acordo co citado decreto (para as prazas de socorrista).
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade
- h) **Estar incluído/a nos listados remitidos pola Oficina de Emprego de Cangas (preselección)**

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados/as acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas.

Esta oficina realizará as sondaxes de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.



Concello de Cangas

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego **constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo.**

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: Fabián Fernández Gómez

SECRETARIA: Cristina Padín Martínez

Vocal 1º: Cesáreo Coya Portas

Vocal 2º: Josefa Rial Pardo

Vocal 3º: Pablo Cordeiro Rodal

Suplente indistinta 1ª: Carmen Fandiño Docío

Suplente indistinto 2º: José Luís Coya Otero



Concello de Cangas

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con antelación suficiente ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

QUINTA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os aspirantes no día para o que fosen citados no Concello de Cangas polo Servizo Público de Emprego serán convocados para a realización das dúas probas da fase de oposición mediante acordo do Tribunal de selección. Acordo que se publicará na páxina web do Concello e no Taboleiro Municipal indicando o día, hora e lugar que tivese acordado o Tribunal para a realización das probas.

As probas da fase de oposición serán as seguintes:

- PROBA DE COÑECECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

De carácter non eliminatorio e común para ambas categorías (socorristas e patróns). Consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 10 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 10 puntos. O certificado será presentado ao Tribunal con antelación á realización da proba.

- PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes serán convocados no día, hora e lugar que acorde o Tribunal e que se publicará no taboleiro e na páxina web do Concello para a realización dunha **proba práctica, de carácter eliminatorio**, previo chamamento único. As probas a realizar serán:

PARA AS PRAZAS DE PATRÓN:

Versará sobre o manexo da embarcación, manobras de atraque e desatraque, entrada e saída en praia e en porto, nas condicións esixidas polo Tribunal. A



Concello de Cangas

puntuación máxima na proba práctica será de 90 puntos sendo necesario obter como mínimo 45 puntos para non quedar eliminado.

PARA AS PRAZAS DE SOCORRISTA:

Consistirá en correr 200 metros, entrar no mar e nadar unha distancia que será establecida polo Tribunal ao inicio da proba en función das circunstancias meteorolóxicas para recoller un moneco de rescate acuático, remolcalo coa técnica adecuada ata a orilla e sacalo da auga ata o punto sinalado polo Tribunal. A proba terá unha puntuación máxima de 90 puntos resultando preciso lograr 45 puntos para non quedar eliminado. O Tribunal antes do comezo da proba estipulará os tempos requiridos, tempo máximo para a execución da proba. A puntuación dependerá do tempo máximo establecido en función das circunstancias meteorolóxicas aplicando as puntuacións proporcionalmente aos tempos obtidos tomando como referencia o do aspirante que obtivera o mellor tempo.

SEXTA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase polo tribunal en primeiro lugar atendendo a puntuación na proba práctica, de persistir este facendo unha serie de preguntas adicionais entre os aspirantes empatados en materia de socorrismo e coñecementos sobre o Concello e a Ordenanza de praias vixente, de persistir o empate este desfarase por sorteo.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao Órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os 25 aspirantes propostos para ser contratados (os 20 primeiros con cargo a subvención e os 5 con cargo a fondos propios do Concello). Ademais incluíra a proposta de listado de substitucións que estarán constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria.

De chegar ao remate do proceso selectivo e non obter a cobertura de todas as prazas ofertadas o Concello de Cangas, poderá mediante resolución da Alcaldía realizar novas ofertas sucesivas ao servizo público de emprego para a realización de novos procesos de selección que se rexerán polas presentes bases.



Concello de Cangas

SÉTIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias a que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

OITAVA.– NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PLAN TERMAL "DEPOTERMAL 2016" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Dase conta de proposta do 02.06.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, para solicitude de adhesión ao plan termal "DEPOTERMAL-2016" da Deputación Provincial de Pontevedra, que di o seguinte:

"PROPOSTA PARA SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO PLAN TERMAL 'DEPOTERMAL 2016' DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas EXPÓN:



Concello de Cangas

Que o BOPPO de 24 de maio de 2016 publica a convocatoria para a adhesión dos concellos que así o soliciten ao programa termal 'Depotermal-2016', promovido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra. Este programa oferta dúas alternativas:

1.- Programa termal de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas.

2.- Programa termal de pernotación en réxime de pensión completa de domingo a venres.

Entendendo que este programa vense realizando nos últimos anos no Concello de Cangas cunha participación e satisfacción importante entre os/as participantes.

Polo exposto, PROPÓN:

A solicitude de adhesión do Concello de Cangas ao plan termal da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra coas seguintes prazas:

*1.- **60 prazas** para o programa de asistencia diaria a balnearios durante cinco mañás ou tardes consecutivas.*

*2.- **20 prazas** para o Programa Termal de pernotación en réxime de pensión completa de domingo a venres.*

A participación neste programa non implica financiamento por parte do Concello de Cangas".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, para solicitude de adhesión ao plan termal "DEPOTERMAL-2016" da Deputación Provincial de Pontevedra.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN"

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO EDUCATIVA DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN"



Concello de Cangas

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 4.05.2016 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de servizos consistentes na asistencia técnica e educativa para o desenvolvemento do programa "Enredos de Verán".

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaria e Intervención se emitiron os informes preceptivos sobre a lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EDUCATIVA DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN, xunto aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 334.22609 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación urxente, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Cangas, 6 de xuño de 2016

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E OUTRO TIPO QUAD PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA E OUTRO TIPO QUAD PARA RECOLLIDA DE RESIDUOS

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9.05.2016 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de subministración de dous vehículos para a mellora da limpeza viaria e demais espazos públicos.



Concello de Cangas

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaria e Intervención se emitiron os informes preceptivos sobre a lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Portado o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA (LOTE 1) E UN VEHÍCULO TIPO QUAD PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS (LOTE 2), xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 163.624 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

Cangas, 6 de xuño de 2016

D) INFORME DO DIRECTOR DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/SITUACIÓN DE PERCEPTORES DA RISGA

Estanislao Graña García, Director do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas, INFORMA:

Que recibida a Resolución do Servizo de Traballo e Economía Social mediante a que se nos concede unha subvención para a contratación temporal de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 (DOG núm. 248 de 30/12/2015).

Considera que a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) no artigo 2.4 establece que se terá en conta o número de persoas perceptoras de RISGA existentes en cada concello a 31 de decembro de 2015.



Concello de Cangas

Que segundo os datos existentes nos rexistros do Centro Municipal de Benestar Social o número de perceptores de RISGA, a 31 de decembro de 2015, no concello de Cangas ascendían 114, das cales 92 atopábanse activas e 22 estaban en situación de suspensión.

Que nos primeiros meses de 2016 resolvéronse 6 solicitudes de prestación económica da RISGA, tendo como data de efectos o 1 de decembro de 2015.

E) SOLICITUDE DE CINTIA SOLLA BESADA S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar a CINTIA SOLLA BESADA, en representación da candidatura de CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, a ocupación de vía pública coa instalación de carpa informativa de 3 x 3 m. o día 11 de xuño na Praza da Constitución de Cangas, de 18:00 a 21:00 horas.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente